

BASES DO CONCURSO PARA O DESEÑO DUN LOGOTIPO PARA APA 15 DE MAIO DE DUMBRÍA

PREÁMBULO:

A APA 15 de maio do CEIP Plurilingüe Santa Eulalia de Dumbría non dispón dun logotipo que a identifique dun xeito fácil e inequívoco. Por esta razón, convócase un concurso de deseño do logotipo entre todo o alumnado do colexio.

BASES DO CONCURSO:

1. Obxectivo:

Deseño do logotipo destinado a se-la imaxe da APA en toda difusión de información e redes sociais.

2. Requisitos:

O logotipo deberá reflexar a natureza da APA e do colexio e, se fora posible, a orixe do nome 15 de maio. (O 15 de maio de 1998 foi a data na que se producía unha grande mobilización para a reclamación que a ESO quedara en Dumbría)

3. Participantes:

Poderán participar no concurso tódolos alumnos do centro. Cada concursante só pode presentar un deseño e de forma individual.

4. Proposta:

O deseño será orixinal.

5. Documentación:

Deseño en tamaño 21x21. O centro seleccionará a forma máis cómoda para facer visibles os debuxos. Na parte traseira, de forma que non sexa visible, identificarase o autor do deseño co nome e apelidos e o curso.

6. Prazo de Presentación:

O prazo para presentar os deseños acabará o 27 de marzo.

7. Xurado:

O xurado encargado de valorar as propostas estará formado por:

- a. Un membro do profesorado do centro
- b. Un membro da xunta directiva da APA.
- c. Unha nai/pai do centro.

Na medida do posible, ningún membro do xurado debe saber quen é o creador do deseño.

ANPA 15 DE MAIO

CEIP Plurilingüe Santa Eulalia

15151 – Dumbria

anpa.15demaiodumbria@outlook.es

8. Acordo do xurado:

Entre tódolos deseños presentados, o xurado elixirá un total de 6 premios. Un por aula e un gañador do centro. Os premios non son acumulativos, o gañador do centro non pode selo tamén da aula.

9. Dotación do premio:

A APA concederá ó gañador do cole un bono de 50 euros e 5 premios (un por aula) de 15 euros para gastar nunha librería elixida pola APA.

10. Propiedade intelectual:

O logotipo premiado quedará en propiedade exclusiva e permanente da APA 15 de maio, que terá completa liberdade para utilizalo total ou parcialmente no momento e forma en que considere preciso.

11. Publicación:

A participación no concurso presupón a aceptación das presentes bases en todos os seus termos.

O fallo farase público na páxina web do centro e no grupo da APA o 30 de marzo.

As bases poderán ser consultadas na web do colexio e no grupo da APA.

A APA resérvase o dereito de adaptación do logotipo segundo as necesidades do uso do mesmo.

Realizarase unha presentación do logotipo no Centro no que tamén se fará a

Entrega do premio ós gañadores.

A xunta directiva.